

Onde di: «CEIP de Meira», debe engadirse: «comparte co CEIP O Salvador da Pastoriza».

Onde di: «CEIP Antonio Pedrosa Latas de Viveiro», debe engadirse: «comparte co CEIP Santa Rita de Viveiro».

Orde do 16 de novembro de 2007 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo, regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros. O artigo 23 do citado decreto prevé que a provisión de postos docentes nos centros específicos de educación e promoción de adultos se efectuará a través dun concurso de traslados específico, no cal se terá en conta, entre outros méritos, a experiencia no ensino de adultos en centros EPA, así como a formación acreditada.

Existindo vacantes nos centros de educación permanente de adultos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispuxo convocar concurso de traslados de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Convócase concurso de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de prazas vacantes entre funcionarios docentes do corpo de mestres (corpo 597) e do corpo de profesores de ensino secundario (corpo 590).

Este concurso rexerese polas seguintes disposicións: Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, de participación, avaliación e goberno dos centros docentes, Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, Real decreto 850/1993, do 4 de xuño, Real decreto 575/1991, do 22 de abril, Real decreto 1701/1991, do 29 de novembro, Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, modificado polo Real decreto 2042/1995, do 22 de decembro, Real decreto 777/1998, do 30 de abril, Real decreto 1027/1993, do 25 de xuño, Real decreto 2193/1995, do 28 de decembro, e Decreto 88/1999, do 11 de marzo.

Segunda.-As vacantes que se ofertan neste concurso son as que se publican no anexo I da convocatoria.

Terceira.-Poderán participar neste concurso, a prazas correspondentes ás especialidades das que sexan titulares, os seguintes funcionarios de carreira do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario.

1. Funcionarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.1. Poderán participar con carácter voluntario neste concurso de traslados:

a) Os funcionarios que estean en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, transcorresen ao termo deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Os funcionarios que se atopen en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nos puntos previstos no artigo 29.2º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, así como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á Lei 30/1984, do 2 de agosto, desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que transcorresen ao termo deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

c) Os funcionarios que se atopen en situación de excedencia voluntaria declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

d) Os funcionarios que se atopen en situación de suspensión declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorrese o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

1.2. Para os efectos previstos no número 1 enténdese como data de finalización do curso académico a do 31 de agosto de 2008.

1.3. De conformidade co establecido no artigo 12 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, para participar no concurso de traslados a prazas o profesorado terá que acreditar a capacitación na devandita lingua, e deberá estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), da súa validación ou títulos equivalentes. De conformidade co establecido no devandito decreto, nas especiali-

dades de educación primaria e en todas as especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, agás as materias doutras linguas, será requisito imprescindible estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), superar o curso de perfeccionamento de lingua galega, ter a validación correspondente ou superalo a través de proba libre. A estes únicos efectos, entenderase que reúnen este requisito os que superasen a proba de coñecementos de lingua galega no procedemento selectivo de acceso ao corpo correspondente.

Este requisito deberá posuírse e xustificarse no prazo de reclamacións e renuncias previsto na base décimo primeira.

2. Os profesores con destino provisional durante o curso 2007-2008 que estean a prestar servizos en centros dependentes desta consellería.

Cuarta.-Dereito preferente para obter postos no centro onde tivesen destino definitivo.

Terán dereito preferente á localidade en que está situado o centro o profesorado suprimido, o profesorado desprazado do seu centro no curso académico 2007/2008 por falta de horario ou o que estea a prestar servizos no seu centro noutra especialidade. En todo caso, considérase profesorado desprazado por falta de horario o que, como consecuencia de traslado de ensinanza, non puido quedar adscrito definitivamente no centro receptor, segundo o disposto no artigo 7.3º do Decreto 140/2007, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polas funcionarias e funcionarios docentes.

Quinta.-Forma de participación.

Os concursantes presentarán unha única instancia e unha folla de alegación e autobaremação (vexa www.edu.xunta.es/concurso), e simultaneamente presentarán, para a demostración dos méritos, os documentos citados no baremo que aparece como anexo II (corpo de mestres, código 597) ou anexo III (corpo de profesores de ensino secundario, código 590).

Non terán que presentar os documentos xustificativos dos méritos alegados aquelas persoas que participen no concurso xeral de traslados convocado por Orde do 30 de outubro de 2007 (DOG do 8 de novembro) ou o convocado por Orde do 31 de outubro de 2007 (DOG do 9 de novembro) desta consellería.

A instancia dirixirase á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Todas as fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsión, expedidas polos directores dos centros ou das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza da dilixencia de compulsión.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá requirirle ao interesado, en calquera momento, a xustificación daqueles méritos alegados que non fosen debidamente acreditados.

Aínda cando se concorra a prazas de diferentes especialidades, soamente poderá obterse un único destino.

Sexta.-As instancias, así como a documentación a que se alude no punto anterior, poderán presentarse nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ou en calquera das dependencias a que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que optasen por presentar a solicitude nunha oficina de correos, farano en sobre aberto para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Así mesmo, a solicitude poderá efectuarse a través da internet. No caso de usar a páxina web da secretaría xeral, imprimirase a petición, que poderá presentarse no propio centro educativo en que se presta servizos. Neste caso, o centro procederá a remitirle a solicitude á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, San Caetano, s/n, Santiago de Compostela.

Sétima.-O prazo de presentación de solicitudes e documentos será do 28 de novembro ao 17 de decembro de 2007, ambos os dous incluídos. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha solicitude.

Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias non se admitirá modificación ningunha ás peticións formuladas. Non obstante, admitirase renuncia a participar no concurso de traslados aos concursantes con carácter voluntario no prazo establecido na base décimo primeira, entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións e especialidades consignadas na súa instancia de participación.

Oitava.-Os asinantes das instancias deberán manifestar nelas, de modo expreso, que reúnen os requisitos exixidos na convocatoria, e consignar os centros que soliciten por orde de preferencia, cos números de código e especialidade que figuran nos anexos a esta orde.

Novena.-A avaliación dos méritos alegados polos concursantes, no que se refire ao punto 2.1 dos baremos de puntuacións dos anexos II e III a esta orde, será efectuada polas comisións ditaminadoras formadas para os concursos de traslados convocados por Orde do 30 de outubro de 2007 (DOG do 8 de novembro), corpo de mestres, e por Orde do 31 de outubro de 2007 (DOG do 9 de novembro), corpo de profesores de ensino secundario.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes polas restantes alíneas do baremo de méritos levaraa a efecto unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira, para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Décima.-Unha vez recibidas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as actas das comisións ditaminadoras, coas puntuacións asignadas aos concursantes, procederase, conforme as peticións e os méritos dos participantes á adxudicación dos destinos e faranse públicas, nas súas delegacións provinciais e no enderezo www.edu.xunta.es, as resolucións provisionais do concurso de traslados.

No caso de que se producisen empates no total das puntuacións, estes resolveranse, atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada unha das alíneas do baremo conforme a orde en que aparecen neste. Se persistise o empate atenderase á puntuación obtida nas distintas subalíneas pola orde, igualmente, en que aparecen no baremo. En ambos os dous casos, a puntuación que se tome en consideración en cada alínea non poderá superar a puntuación máxima establecida para cada un deles no baremo, nin, no suposto das subalíneas, a que corresponda como máximo á alínea en que estean incluídos. Cando ao aplicar estes criterios, algunha ou algunhas das subalíneas alcance a máxima puntuación outorgada á alínea a que pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subalíneas. De resultar necesario, utilizarase como criterio de desempate o ano en que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo e a puntuación pola que resultou seleccionado.

Décimo primeira.-Reclamacións e renuncias.

Os concursantes poderán presentar reclamacións ás resolucións provisionais, a través do órgano en que presentaron a súa instancia de participación, no prazo de dez días a partir da súa exposición.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, os concursantes poderán presentar reclamacións á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web desta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O prazo de renuncias, que será de cinco días hábiles, será establecido na resolución provisional deste concurso. Estas reclamacións ou renuncias presentaranse polos procedementos a que alude a base sexta.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán

obter destino na resolución definitiva. O destino adxudicado na resolución definitiva é irrenunciable.

Décimo segunda.-Consideradas as reclamacións e renuncias a que se refire a base anterior, a secretaria xeral, procederá, a ditar as resolucións definitivas destes concursos de traslados. A devandita resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. As prazas adxudicadas na devandita resolución son irrenunciabes, e deberán incorporarse os participantes ás prazas obtidas.

Contra a resolución definitiva, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a consellería de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir da súa publicación no DOG segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo terceira.-Os profesores que obteñan destino definitivo para o curso 2007-2008 nesta convocatoria non poderán obter destino no concurso xeral convocado por esta consellería por Orde do 30 de outubro de 2007 ou por Orde do 31 de outubro de 2007.

Décimo cuarta.-Os profesores que obteñan destino definitivo neste concurso realizarán as actividades propias da educación de persoas adultas, incluídas as ensinanzas recollidas no número 2º do artigo 5 do Decreto 88/1999, do 11 de marzo, e a atención ás ensinanzas nos centros penitenciarios.

Así mesmo, impartirán as ensinanzas de ámbito de coñecemento atribuídas á súa especialidade, conforme o anexo III da Orde do 26 de maio de 1997, pola que se regula o ensino básico para as persoas adultas.

Décimo quinta.-Os profesores excedentes que reingresen ao servizo activo como consecuencia do concurso presentarán ante a delegación provincial de que dependa o centro obtido mediante o concurso de traslados, declaración xurada ou promesa de non se achar separado de ningún corpo ou escala da Administración do Estado, das comunidades autónomas ou da local, en virtude de expediente disciplinario, nin de estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Décimo sexta.-A toma de posesión nos novos destinos terá efectos administrativos do 1 de setembro de 2008. Non obstante, os profesores que obtivesen destino nestes concursos deberán permanecer nos seus centros de orixe ata que conclúan as actividades imprescindibles previstas para a finalización do curso.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Código centro	Centro	Concello	Código centro	Centro	Concello
15025621	EPAPU Eduardo Pondal	Coruña, A	27020811	EPAPU de Bonxe (centro penitenciario)	Outeiro de Rei
Código corpo	Código disciplina - disciplina	vacantes	Código corpo	Código disciplina - disciplina	vacantes
590	007 - física e química	1	590	005 - xeografía e historia	1
597	25 - inglés	1	590	006 - matemáticas	1
597	38 - educación primaria	2	590	011 - inglés	1
597			597	25 - inglés	1
597			597	38 - educación primaria	3
Código centro	Centro	Concello	Código centro	Centro	Concello
15025751	EPAPU Sta. María de Caranza	Ferrol	32020771	EPAPU de Pereiro de Aguiar (centro penitenciario)	Pereiro de Aguiar, O
Código corpo	Código disciplina - disciplina	vacantes	Código corpo	Código disciplina - disciplina	vacantes
597	25 - inglés	1	590	004 - lingua castelá e literatura	1
597	38 - educación primaria	1	590	006 - matemáticas	1
597			590	011 - inglés	1
Código centro	Centro	Concello	Código centro	Centro	Concello
15032650	EPAPU de Teixeira (centro penitenciario)	Curtis	36018872	EPAPU de Pontevedra	Pontevedra
Código corpo	Código disciplina - disciplina	vacantes	Código corpo	Código disciplina - disciplina	vacantes
590	005 - xeografía e historia	1	590	005 - xeografía e historia	1
590	006 - matemáticas	1	Código centro	Centro	Concello
590	011 - inglés	1	36024720	EPAPU A Lama - Monterracelo (centro penitenciario)	Pontevedra
590	053 - lingua e literatura galegas	1	Código corpo	Código disciplina - disciplina	vacantes
597	25 - inglés	1	590	011 - inglés	1
597	38 - educación primaria	2	590	006 - matemáticas	1
597			590	053 - lingua e literatura galegas	1
Código centro	Centro	Concello	Código centro	Centro	Concello
27601509	EPAPU Albeiros	Lugo	36018884	EPAPU Artes e Oficios	Vigo
Código corpo	Código disciplina - disciplina	vacantes	Código corpo	Código disciplina - disciplina	vacantes
597	38 - educación primaria	2	597	38 - educación primaria	1

ANEXO II

Baremo de prioridades na adxudicación de destino, no corpo de mestres nos centros específicos de educación permanente de adultos

	Documentación xustificativa
<p>A) Tempo de permanencia ininterrompida como funcionario de carreira con destino definitivo no centro desde o que participa.</p> <p>Polo primeiro, segundo e terceiro ano: 1 punto por ano.</p> <p>Polo cuarto ano: 2 puntos.</p> <p>Polo quinto ano: 3 puntos.</p> <p>Polo sexto, sétimo, oitavo, noveno e décimo: 4 puntos por ano.</p> <p>Polo décimo primeiro e seguintes: 2 puntos por ano.</p> <p>As fraccións de ano computaranse da seguinte maneira:</p> <p>Fracción de 6 meses ou superior, como un ano completo.</p> <p>Fracción inferior a 6 meses, non se computa.</p> <p>Para os mestres con destino definitivo nun posto de traballo docente de carácter singular, a puntuación deste apartado virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida no posto desde o que solicita.</p> <p>Para os mestres en adscrición temporal a centros públicos españois no estranxeiro, á función de inspección educativa ou en supostos análogos, a puntuación deste apartado virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida na dita adscrición.</p>	<p>Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela en que teñen acreditado o destino definitivo. De participar pola provincia de destino definitivo a delegación provincial certificará de oficio estes servizos.</p>
<p>B) Tempo de permanencia ininterrompida con destino definitivo en centro ou posto singular desde o que se solicita cando foran catalogados como de especial dificultade por tratarse de difícil desempeño ou de zona de actuación educativa preferente.</p> <p>Polo primeiro, segundo e terceiro ano: 0,50 puntos por ano.</p> <p>Polo cuarto ano: 1 punto.</p> <p>Polo quinto ano: 1,50 puntos.</p> <p>Polo sexto, sétimo, oitavo, noveno e décimo: 2 puntos por ano.</p> <p>Polo décimo primeiro e seguintes: 1 punto por ano.</p> <p>As fraccións de ano computaranse do seguinte xeito:</p> <p>Fracción de 6 meses ou superior, como un ano completo.</p> <p>Fracción inferior a 6 meses, non se computa.</p> <p>Non se computarán para estes efectos o tempo que se permaneceu fóra do centro en situación de servizos especiais, comisión de servizos, licenza por estudos ou situacións análogas.</p> <p>Nos casos de supresión da praza, ou perda desta por cumprimento da sentenza ou recurso, ou por provir da situación da excedencia forzosa, aplicaranse os mesmos criterios sinalados para estes supostos na alínea A).</p>	<p>Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela en que teñen acreditado o destino definitivo. De participar pola provincia de destino definitivo, a delegación certificará de oficio estes servizos.</p>
<p>C) Tempo transcorrido en situación de provisionalidade polos funcionarios de carreira que nunca obtiveron destino definitivo.</p> <p>1 punto por ano de servizos ata que obteñan a propiedade definitiva.</p> <p>As fraccións de ano computarán a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.</p> <p>Os servizos desta clase prestados en centros ou postos clasificados como de especial dificultade por tratarse de difícil desempeño ou de zona de actuación educativa preferente darán dereito, ademais, á puntuación establecida na alínea B).</p>	<p>Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia da que dependen. No caso contrario a delegación correspondente certificará de oficio estes servizos.</p>

	Documentación xustificativa
D) Anos de servizo activo como funcionarios de carreira no corpo de mestres. 1 punto por cada ano de servizo. As fraccións de ano computarán a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	Folla de servizos certificada pola delegación provincial cando presten servizos en distinta provincia a aquela en que teñen acreditado o destino. No caso contrario a delegación correspondente certificará de oficio estes servizos.
E) Cursos de perfeccionamento organizados polas administracións públicas educativas competentes e, no seu caso, as homologacións ou equivalencias que procedan. E.1. Cursos impartidos: por participar, en calidade de relator, profesor ou dirixir, coordinar ou ser titor de cursos de formación permanente (entendidos nas súas distintas modalidades: grupos de traballo, seminarios, grupos de formación en centros, cursos, etc.) convocados polos órganos centrais ou periféricos das administracións con competencias ou realizados por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos por estas mesmas administracións, así como os convocados polas universidades. 0,10 puntos por cada 10 horas acreditadas, ata un máximo de 1 punto. E.2. Cursos superados: pola asistencia a cursos de formación do profesorado (entendidos como se sinala no punto anterior), convocados polos órganos centrais ou periféricos das administracións con competencias ou realizados por institucións sen ánimo de lucro e que fosen homologados ou recoñecidos por estas mesmas administracións, así como os convocados polas universidades. 0,10 puntos por cada 10 horas de cursos superados acreditados, ata un máximo de 2 puntos. Por estas subalíneas só se tomarán en consideración os cursos que versen sobre especialidades propias do corpo de mestres ou sobre aspectos científicos, didácticos ou de organización relacionados con actividades propias deste. Cando os cursos veñan expresados en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas. E.3. Por cada especialidade do corpo de mestres distinta á de ingreso nel, adquirida a través do procedemento previsto no Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro e no Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, de adquisición de novas especialidades: 0,50 puntos por cada nova especialidade. Por este apartado E) pódese outorgar ata un máximo de 3,50 puntos.	Copia compulsada do documento acreditativo. Copia compulsada do documento acreditativo. Fotocopia compulsada da credencial da nova especialidade.
F) Titulacións académicas distintas ás alegadas para o ingreso no corpo de mestres. F.1. Por posuír o título de doutor: 2,50 puntos. F.2. Titulacións de segundo ciclo: polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñaría, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 1,50 puntos. F.3. Titulacións de primeiro ciclo: por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes ou polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 1,50 puntos. Por esta alínea F) pódese outorgar ata un máximo de 3 puntos. Unicamente se terán en conta, para os efectos da súa valoración, os títulos con validez oficial no Estado español. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación.	Copia compulsada do título ou certificacións académicas cando se trate de cursos superados. Para obter puntuación polas titulacións universitarias de carácter oficial, deberase presentar fotocopia compulsada do título de mestre alegado para o ingreso no corpo e cantos outros se presenten como mérito.
G) Outros méritos. G.1. Valoración do traballo desempeñado. Publicacións. Titulacións de réxime especial. Polas subalíneas g1.1., g1.2., g1.3 e g1.4 só se valorará o desempeño como funcionarios de carreira.	Ata un máximo de 10 puntos.
G.1.1. Director/a en centros públicos docentes, centros de formación continuada do profesorado, centros de recursos ou institucións análogas: 1,50 puntos por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,125 puntos por cada mes completo.	Orixinal ou copia compulsada do nomeamento e cesamento expedidos pola delegación provincial correspondente. Serán puntuados nomeamentos cando neles consten cursos escolares para os que foi nomeado, aínda que non conste data de cesamento.
G.1.2. Vicedirector/subdirector, secretario/a e xefe/a de estudos en centros públicos docentes: 1 punto por ano. As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.	Orixinal ou copia compulsada do nomeamento e cesamento expedidos pola delegación provincial correspondente. Serán puntuados nomeamentos cando neles consten cursos escolares para os que foi nomeado, aínda que non conste data de cesamento.
G.1.3. Coordinador/a de ciclo ou asesor/a de formación permanente ou figuras análogas. As fraccións de ano computarán a razón de 0,041 puntos por cada mes completo. Por estas tres subalíneas só se valorarán os cargos desempeñados como funcionario de carreira. Cando se produza o desempeño simultáneo de cargos non poderá acumularse a puntuación.	Certificación expedida polo director do centro co visto e prace do inspector de educación da zona, agás no caso dos asesores nas estruturas de formación permanente, e no SIEGA e como responsable en centros de menos de tres unidades, que deberán presentar nomeamento expedido pola delegación provincial correspondente ou órgano de que dependan.
G.1.4. Por desempeño de postos na Administración educativa de nivel de complemento igual ou superior ao asignado ao corpo de mestres: 1,50 puntos por ano. As fraccións de ano computarán a razón de 0,125 puntos por cada mes completo.	Orixinal ou copia compulsada do nomeamento.
G.1.5. Por publicacións de carácter didáctico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionados con aspectos xerais ou transversais do currículo ou coa organización escolar. Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o editor destas. Ata 1 punto. No caso de publicacións que só se presenten en formato electrónico, xuntarase un informe oficial en que o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.	Os exemplares correspondentes.
G.1.6. Por publicacións de carácter científico e proxectos e innovacións técnicas sobre as disciplinas obxecto do concurso. Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o editor destas. Ata 1 punto. Unha publicación só poderá puntuarse por unha das alíneas anteriores. Aquelas publicacións que estando obrigadas a consignar o ISBN, en virtude do disposto no Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas. Enténdense incluídas as publicacións en revistas e en soportes informáticos. No caso de publicacións que só se presenten en formato electrónico, xuntarase un informe oficial en que o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indícarase a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.	Os exemplares correspondentes.
G.1.7. Titulacións de ensinanzas de réxime especial. As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas por escolas oficiais de idiomas e conservatorios de música e danza valoraranse da forma seguinte forma: Música e danza: Grao medio: 0,50 puntos. Ensinanza de idiomas: Ciclo elemental: 0,50 puntos. Ciclo superior: 0,50 puntos. A posesión do certificado de aptitude da Escola Oficial de Idiomas engloba os dous ciclos.	Fotocopia compulsada de cantos títulos sexan alegados ou certificación acreditativa de ter feitos os estudos conducentes á súa obtención.

	Documentación xustificativa
H. Por cada ano de experiencia no ensino de adultos en centros específicos de EPA, Cegebad e as súas extensións.	Credencial correspondente expedida pola delegación provincial.

Disposición complementaria.

G.1.3 Consideranse figuras análogas:

Xefe de seminario/departamento, coordinador/a de departamento, de equipo de normalización lingüística, de actividades extraescolares e complementarias, asesor nas estruturas de formación permanente, asesor no Siega ou responsable de centros de menos de 3 unidades: 0,50 puntos por ano.

ANEXO III

Baremo de prioridades na adxudicación de destino, no corpo de profesores de ensino secundario, concurso específico para cubrir prazas nos centros específicos de educación permanente de adultos

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos (1)
I. Méritos expresamente indicados no número I do anexo II do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro.		
1.1. Condición de catedrático	6 puntos	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o boletín ou diario oficial en que apareza o seu nomeamento.
1.1.1. Por ter adquirida a condición de catedrático.		
1.1.2. Por cada ano de antigüidade na condición de catedrático. As fraccións de ano computarán a razón de 0,040 puntos por mes completo. Para estes efectos, a antigüidade na condición de catedrático, con anterioridade á entrada en vigor da LOE, será a que se corresponda cos servizos efectivamente prestados nos corpos de catedráticos, e no de profesores de termo de escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.	0,50 puntos	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Antigüidade (ver disposición complementaria primeira).	2 puntos	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como funcionario de carreira no corpo a que corresponda a vacante. As fraccións de ano computarán a razón de 0,160 puntos por mes completo.		
1.2.2. Por cada ano de servizos efectivos como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes a que se refire a LOE do mesmo ou superior grupo. As fraccións de ano computarán a razón de 0,120 puntos por mes completo.	1,50 puntos	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.3. Por cada ano de servizos efectivos como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes a que se refire a LOE de grupo inferior. As fraccións de ano computarán a razón de 0,060 puntos por mes completo.	0,75 puntos	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.4. Por cada ano consecutivo como funcionario con destino definitivo na mesma praza do centro desde o que se concursa ou no posto a que se estea adscrito no estranxeiro, na función inspectora ao abeiro da disposición adicional décimo quinta da Lei de medidas para a reforma da función pública, ou noutros postos, servizos de investigación ou apoio á docencia, dependentes da Administración educativa, sempre que estas situacións de adscrición impliquen perda do seu destino docente.		Título administrativo, coa dilixencia de posesión no centro desde o que se concursa.
No suposto de adscrición, o tempo que transcorre desde a súa finalización ata a participación neste concurso será valorado polo punto 1.2.5 (ver disposición complementaria segunda).		
Polo primeiro e segundo ano:	2 puntos por ano	
Polo terceiro ano:	3 puntos	
Polo cuarto e quinto ano:	4 puntos por ano	
Polo sexto ano:	5 puntos	
Polo sétimo e oitavo ano:	4 puntos por ano	
Polo noveno ano:	3 puntos	
Polo décimo e seguintes:	2 puntos por ano	
Son unímicamente computables por esta alínea os servizos prestados como funcionario de carreira no corpo polo que concursa.		
Para os funcionarios obrigados a concursar por teren perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por proviren da situación de excedencia forzosa ou, se é o caso, por supresión expresa con carácter definitivo da súa praza, ou por teren sido desprazados dos seus centros, considerárase como praza desde a que participan, para os fins de determinar os servizos a que se refire esta alínea, a última servida con carácter definitivo, aos cales se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera praza. Terán dereito, ademais, a que se lles acumulen á praza de procedencia os servizos prestados con carácter definitivo na praza inmediatamente anterior a aquela que lles foi suprimida. Para o caso de profesores afectados por supresións consecutivas de prazas, esa acumulación comprenderá os servizos prestados con carácter definitivo nas prazas que, sucesivamente, lles foron suprimidas.		
No suposto de que o profesor afectado non desempeñase outro destino definitivo, terá dereito a que se lle acumule, para os efectos sinalados, a seguinte puntuación: 1 punto por cada ano con destino provisional.		
Igualmente, os ditos criterios seranlles de aplicación aos funcionarios que participen desde o destino adxudicado en cumprimento de sanción disciplinaria de traslado con cambio de residencia.		
Os funcionarios que se atopen prestando servizos no primeiro destino definitivo obtido despois de lles suprimiren a praza de que eran titulares terán dereito a que se lles consideren como prestados no centro desde o que concursan os servizos que acrediten no centro en que se lles suprimiu a praza e, se é o caso, os prestados con carácter provisional con posterioridade á citada supresión. Este mesmo criterio aplicarase aos que se atopen prestando servizos no primeiro destino definitivo obtido despois de teren perdido o seu destino por cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por proviren da situación de excedencia forzosa.		
1.2.5. Os funcionarios de carreira en expectativa de destino e os que participando por primeira vez con carácter voluntario opten na súa solicitude pola puntuación correspondente a esta subalínea en substitución da correspondente á subalínea 1.2.4, na forma que se especifica na disposición complementaria terceira deste baremo. Por cada ano de servizo.	1 punto	Título administrativo coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.6. Cando a praza con carácter definitivo desde a que participan teña a cualificación expresa por parte da Administración de que dependa como de especial dificultade por estar situada en centro de atención educativa preferente, engadirase á puntuación da subalínea 1.2.4 a seguinte puntuación:		
Polo primeiro e segundo ano:	1 punto por ano	
Polo terceiro ano:	1,50 puntos	
Polo cuarto, quinto, sexto, sétimo e oitavo ano:	2 puntos por ano	
Polo noveno ano:	1,50 puntos	
Polo décimo e seguintes:	1 punto por ano	

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos (1)
1.2.7. Por cada ano de experiencia no ensino de adultos en centros específicos de EPA, Ingabá e as súas extensións	1 punto	Credencial correspondente expedida pola delegación provincial.
1.3. Méritos académicos. Unicamente se terán en conta para os efectos da súa valoración os títulos con validez oficial no Estado español.	Máximo 10 puntos	
1.3.1. Doutoramento e premios extraordinarios: * Por ter obtido o título de doutor na titulación alegada para o ingreso no corpo desde o que concursa.	5 puntos	Fotocopia cotexada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
* Por premio extraordinario no doutoramento da titulación alegada para ingreso no corpo desde o que concursa.	1 punto	Documento xustificativo del.
* Por premio extraordinario na titulación alegada para ingreso no corpo desde o que concursa.	0,50 puntos	Documento xustificativo del.
-Polo título de doutor noutras licenciaturas.	3 puntos	Documento xustificativo del.
-Polo premio extraordinario noutro doutoramento.	0,50 puntos	Documento xustificativo del.
-Polo premio extraordinario noutras licenciaturas.	0,25 puntos	Documento xustificativo del.
1.3.2. Outras titulacións universitarias. A posesión de titulacións que figuren no catálogo oficial de títulos universitarios valoraranse da forma seguinte: * Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñaría técnica, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría.	3 puntos	Títulos que posúan ou, de ser o caso, certificados do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). No caso de estudos correspondentes aos primeiros ciclos, certificacións académicas en que se acredite a superación deles.
En ningún caso se valorará o primeiro título ou estudos desta natureza que posúa o candidato.		
* Titulacións de segundo ciclo: polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñaría, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes.	3 puntos	
No caso de funcionarios pertencentes a corpos docentes do grupo A, non será valorable en ningún caso o primeiro título ou estudos desta natureza que posúa o candidato.		
1.3.3. Titulacións de ensinanza de réxime especial. As titulacións das ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas e conservatorios de música ou danza valoraranse da forma seguinte:		Títulos que posúan ou, de ser o caso, certificados do aboamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto na O.M. do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).
-Música e danza: grao medio	1 punto	
-Escolas oficiais de idiomas:		
Ciclo elemental:	1 punto	
Ciclo superior:	1 punto	
A posesión do certificado de aptitude da Escola Oficial de Idiomas engloba ambos os dous ciclos.		
1.4. Formación e perfeccionamento.	Máximo 5 puntos	
1.4.1. Por cursos superados que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos da especialidade correspondentes ás prazas a que opte o participante, ou contidos transversais, ou relacionados coa organización escolar ou coas novas tecnoloxías aplicables á educación, organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades.	Ata 4 puntos	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
-Puntuarase 0,10 puntos por cada 10 horas de curso superados acreditados. Para estes efectos sumaranse as horas de todos os cursos e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10. Cando os cursos viñesen expresados en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.		
1.4.2. Por outras actividades de formación e perfeccionamento en materia educativa, incluída a impartición de cursos.	Ata 1 punto	Certificación delas.
1.4.3. Por cada especialidade da cal sexa titular correspondente ao corpo polo que se concursa distinta á de ingreso nel, adquirida a través do procedemento de adquisición de novas especialidades regulado no título III do Real decreto 850/1993, do 4 de xuño e 334/2004, do 27 de febreiro.	1 punto	Credencial de adquisición da nova especialidade.
1.4.4. Por cada curso superado que teña por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos da educación permanente de adultos.	0,30 puntos por cada 10 horas superadas	Documento xustificativo do curso.
II. Outros méritos. Máximo 20 puntos.		
2.1. Publicacións.	Ata 5 puntos	
2.1.1. Por publicacións de carácter didáctico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais ou transversais do currículo ou coa organización escolar.	Ata 2,50 puntos	Os exemplares correspondentes, así como certificado da editorial onde conste o número de exemplares e que a difusión destes for en librarías comerciais.
Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.		
No caso de publicacións que soamente se dean en formato electrónico, presentarase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicarse a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.		
2.1.2. Por publicacións de carácter científico e proxectos e innovacións técnicas sobre as disciplinas obxecto do concurso.	Ata 2,50 puntos	Os exemplares correspondentes, así como o certificado da editorial onde conste o número de exemplares e que a difusión deles for en librarías comerciais.
Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, carezan del, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor.		
No caso de publicacións que soamente se dean en formato electrónico, presentarase un informe oficial no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na base de datos bibliográfica. Neste documento indicarse a base de datos, o título da publicación, os autores, a revista, o volume, o ano e a páxina inicial e final.		
Os méritos achegados de acordo con estas dúas alíneas só poderán puntuarse por unha delas.		
2.1.3. Méritos artísticos:		
2. Por premios en exposicións ou en concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional. Por composicións estreadas como autor, publicacións, concertos como solistas ou gravacións con depósito legal, por premios en certames ou en concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional.	Ata 2,50 puntos	Os programas, críticas, os exemplares correspondentes e, se é o caso, a acreditación de ter obtidos os premios correspondentes.

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos (1)
2.2. Valoración por traballos desenvolvidos (ver disposición complementaria cuarta).	Ata 10 puntos	
2.2.1.		
* Por cada ano como director/a en centros públicos docentes, en centros de profesores e recursos así como director de agrupacións de lingua e cultura españolas. As fraccións de ano computarán a razón de 0,25 puntos por mes completo	3 puntos	Nomeamento expedido pola Administración educativa competente, con dilixencia de posesión e cesamento ou, de ser o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
* Por cada ano como director/a en centros de formación continuada do profesorado ou institucións análogas establecidas polas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias en materia educativa como funcionario de carreira do corpo polo que participa.	3 puntos	Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, de ser o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.2. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos e asimilados en centros públicos aos cales correspondan as vacantes ofertadas (ver disposición complementaria sexta do baremo). As fraccións de ano computarán a razón de 0,16 puntos por mes completo.	2 puntos	Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, de ser o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.3. Por cada ano noutros cargos directivos de centros públicos aos cales correspondan as vacantes ofertadas. As fraccións de ano computarán a razón de 0,080 puntos por mes completo.	1 punto	Documento xustificativo do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con expresión da duración real do cargo ou, se é o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.4. Por cada ano como xefe de seminario, coordinador de formación en centros de traballo, departamento ou división de centros públicos de ensino secundario, bacharelato, adultos, formación profesional, artísticas e idiomas, coordinador do equipo de normalización lingüística ou asesor de formación permanente ou director dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou no proxecto Siega. As fraccións de ano computarán a razón de 0,040 puntos por mes completo.	0,50 puntos	Documento xustificativo do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con expresión da duración real do cargo ou, se é o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.5. Por cada ano de servizos desempeñando postos na Administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que se participa. As fraccións de ano computarán a razón de 0,120 puntos por mes completo.	1,50 puntos	Documento xustificativo do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencias de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación de que continúa no posto.

(1) Salvo que se especifique o contrario son fotocopias cotexadas.

Disposicións complementarias:

Primeira.-Valoración da antigüidade.

1. Para os efectos dos puntos 1.2.1°, 1.2.4°, 1.2.5° e 1.2.7°, valoraranse como ano todos aqueles servizos que correspondan con servizos efectivos prestados desde a data de inicio do curso académico ata a data de remate del.

2. Os servizos aludidos nos puntos 1.2.2. e 1.2.3. non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos entre si ou cos servizos dos puntos 1.2.1., 1.2.4. ou 1.2.5.

3. Para os efectos dos puntos 1.2.1. e 1.2.4. serán computados os servizos que se tivesen prestado en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nos puntos previstos no artigo 29.2° da Lei 30/1984, do 2 de agosto, así como as situacións de idéntica natureza establecida por disposicións anteriores á Lei 30/1984, do 2 de agosto. Igualmente serán computados, para estes efectos, o primeiro ano de excedencia por coidado de familiares, declarada de acordo coa da Lei 39/1999, do 5 de novembro, e co artigo 55.4° da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia.

Segunda.-Centro desde o que se solicita participar no concurso.

Para os efectos do punto 1.2.4. do baremo, considerarase como centro desde o que se solicita participar no concurso aquel a que pertenza o aspirante con destino definitivo, ou no cal está adscrito, sempre que esta situación implique perda do seu destino docente, sendo unicamente computables por esta alínea os servizos prestados como funcionario de

carreira no corpo a que corresponda a vacante. Quedan exceptuados do disposto no parágrafo anterior os funcionarios obrigados a concursar por teren perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por proviren de excedencia forzosa ou por supresión do seu posto de traballo nos termos establecidos na convocatoria. A estes funcionarios seralles de aplicación o disposto para tal efecto no punto 1.2.4. do baremo.

Terceira.-Funcionarios de carreira que participan por primeira vez con carácter voluntario.

Os funcionarios de carreira que participen por primeira vez con carácter voluntario poderán optar, indicándoo na súa instancia de participación, pola puntuación correspondente ao punto 1.2.4. deste baremo ou polo seu punto 1.2.5.

No caso de exerceren a opción polo punto 1.2.5. puntuaráselles por este, ademais dos anos de servizo prestados como funcionario de carreira en expectativa de destino, os que prestasen no centro desde o que participan cun destino definitivo.

No suposto de non manifestaren opción ningunha na instancia de participación, entenderase que optan pola puntuación correspondente ao punto 1.2.4. deste baremo.

Cuarta.-Valoración do traballo desenvolvido.

1. Polos puntos 2.2.1., 2.2.2., 2.2.3., 2.2.4. e 2.2.5. só se valorará o desempeñado/exercido como funcionario de carreira.

2. A valoración do traballo desenvolvido cando se atope referida a centros de adultos, só se valorará

cando nos ditos centros se impartisen as mesmas ensinanzas que se imparten nos centros a que se refire este punto.

3. Para os efectos previstos nos puntos 2.2.1., 2.2.2. e 2.2.3. do baremo de méritos, consideraranse centros públicos asimilados os centros públicos de ensino secundario seguintes:

- Institutos de bacharelato.
- Institutos de formación profesional.
- Centros de adultos, sempre que impartan as mesmas ensinanzas que nos centros a que se refiren estes puntos.
- Centros de ensinanzas integradas.

4. Para os efectos previstos no punto 2.2.2. do baremo de méritos, consideraranse como cargos directivos asimilados, polo menos, os seguintes:

-Os cargos aludidos neste punto desempeñados en seccións de formación profesional.

- Xefe de estudos adxunto.
- Xefe de residencia.
- Delegado do xefe de estudos de instituto de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.
- Director-xefe de estudos de sección delegada.
- Director de sección filial.

-Director de centro oficial de padroado de ensino medio.

-Administrador en centros de formación profesional.

-Profesor delegado no caso da sección de formación profesional.

5. Polo punto 2.2.3. do baremo de méritos puntuaranse, polo menos, os seguintes cargos directivos:

- Vicesecretario.
- Delegado xefe de estudos nocturnos en sección delegada.
- Delegado do secretario en extensións de institutos de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.
- Director, xefe de estudos ou secretario de centros homologados de convenio con corporacións locais.
- Director de colexio libre adoptado con número de rexistro de persoal.
- Secretario de centro oficial de padroado de ensino medio.

6. Cando se produza desempeño simultáneo de cargos, non poderá acumularse a puntuación.

En ningún dos demais casos se puntuarán fraccións de ano.

Orde do 19 de novembro de 2007 pola que se fan públicas as vacantes provisorias dos corpos de profesores que imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas para o curso 2008-2009.

A base segunda da Orde do 31 de outubro de 2007, pola que se convocaba concurso de traslados para a provisión de prazas vacantes entre funcionarios docentes dos corpos de profesores que imparten ensino secundario, formación profesional, ensinanzas artísticas e idiomas, determinaba que se convocaban, ademais das vacantes previstas no momento da convocatoria, as que se produzan por xubilación forzosa por cumprimento dos 70 anos de idade, as que se produzan pola xubilación voluntaria anticipada prevista na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as que se produzan, por outras causas, ata o 31 de decembro de 2007, as que resulten do concurso de traslados específico de educación para adultos e as que resulten da resolución do concurso en cada corpo polo que se concursa. Todas elas sempre que se correspondan con prazas que teñan o seu funcionamento previsto na planificación xeral educativa. As vacantes definitivas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, esta consellería,

DISPÓN:

Primeiro.-Publicar nos anexos I, II, III, IV, V e VI desta orde as vacantes provisorias para o curso 2008-2009 nos colexios públicos integrados, institutos de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, conservatorios de música e escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.

Segundo.-Todas as vacantes que figuran nos anexos poderán ser obxecto de concurso de traslados, conforme o disposto na orde de convocatoria, sempre que figuren na relación definitiva.

Terceiro.-Resoltas, se é o caso, as reclamacións presentadas contra esta orde, publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* as vacantes definitivas que serán obxecto do concurso de traslados.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria